

# XV Limpeza simultánea de ríos. Setembro 2022

## Proxecto Ríos



XV Limpeza Simultánea de Ríos





O obxectivo desta actividade é achegar as persoas ao río e denunciar a contaminación e o deterioro dos mesmos, un dos problemas ambientais más graves de Galiza.

ADEGA e Proxecto Ríos organizan esta Limpeza Simultánea de Ríos dende o ano 2007, confiando en que esta actividade sexa unha importante ferramenta na educación ambiental e concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O domingo 25 de setembro de 2022 realizouse a **XV Limpeza Simultánea de Ríos** en 41 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás 62 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Gondomar, Santiago de Compostela, Tomiño ou Verín, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en **51 treitos de río** e participaron **955 persoas**.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes trece anos pódese observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2022 volveron a aparecer moitas rodas de automóbiles, e outros voluminosos.

Para a xornada de voluntariado os participantes puideron consultar o [Protocolo de Actuación](#) que se pode descargar en PDF. As persoas participantes recibiron como agasallo unha camisola co lema da limpeza '**Móllate polos ríos**'.

Aínda se verten moitos residuos aos ríos. Desta volta recolléronse refugallos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Apareceron rodas, cristais e latas; tamén pilas, restos de madeira, mobles, ferralla, unha valla de sinalización, entullos. Retiráronse uralitas, roupa, calzado, etc... As toalliñas húmidas para hixiene persoal volveron a aparecer en abundancia e tamén máscaras. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda más sobre o lugar que empregamos para desfacernos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os cauces e ribeiras.



Calcúlase que os residuos de tó dolos concellos suman un total de máis de **8 toneladas**, mais o principal obxectivo da actividade non era este. O voluntariado ambiental non é man de obra barata que poida suprir o traballo da administración, pero si unha masa de xente que pode axudar a concienciar á cidadanía. O voluntariado denuncia que a situación dos nosos ríos debe mudar, e para iso dende o Proxecto Ríos e ADEGA promóvense actividades como esta. Os ríos non son vertedoiros, e hoxe débese fomentar o uso dos puntos limpos. Cada quen pode recapacitar ante esta situación e tamén reducir o seu consumo de plástico, empregando botellas reutilizables, usando bolsas de tea, etc... Este ano, como no anterior, pedimos que cada voluntario e voluntaria levar as súas luvas de goma para evitar o uso das de látex ou vinilo, moito máis fráxiles, e que xeran máis residuos.

Dende ADEGA e Proxecto Ríos agradecemos o tempo e dedicación de todos os colectivos implicados na coordinación da limpeza na súa zona. Agradecer tamén aos concellos o compromiso na conservación dos ríos que atravesan os seus municipios, especialmente os concellos que apoiaron esta limpeza, que foron: A Estrada, Allariz, Ares, Ames, Carballo, Fene, Gondomar, Meis, Nigrán, Ponteareas, Pontevedra, Rianxo, Ribadumia, Salceda de Caselas, Santiago de Compostela, Teo, Tomiño, Verín e Xinzo de Limia.

Proxecto Ríos é un proxecto que conta co apoio de Augas de Galicia dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Pero sobre todo é destacable o traballo de todas as persoas que se meteron no seu río para limpalo e axudaron entre todos e todas a denunciar e solucionar este gran problema. Sen eles esta iniciativa non sería posible. Un ano máis a sociedade galega, **Mollouse polos Ríos!!**

**Moitas Grazas!!**



## XV Limpeza Simultánea de Ríos

Na seguinte táboa pódense consultar os treitos de río limpados polo voluntariado, así como o número total de participantes e os quilos de lixo retirados:


Concello	Grupo	Voluntarios/as	Río	Kg
A Estrada	Asoc. A Xesteira	12	Ulla	150
	Asoc. Pola Defensa do Val do Liñares	14	Freán	750
A Guarda	Asoc. A Jalleira	29	Tamuxe	400
Allariz	CEA O Rexo	9	Arnoia	100
Ames	Aula da Natureza do Concello de Ames	16	Ameneiral	50
A Merca	Asoc. Xuvenil Xoldreira	12	Arnoia	60
Ares	Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta Catalina de Montefaro Concello de Ares	4	Frades	150
As Pontes	Asoc. EuroEume	18	Eume	100
Baamonde	Cercud (Centro Cultural Recreativo e Deportivo)	10	Parga	58
Betanzos	Fragas do Mandeo	20	Mendo	815
Cangas	ADEGA-Morrazo + ANPA CEIP A Rúa	40	Bouzós e Saíñas	315
Castro de Rei	Asoc. Cultural e Deportiva Amigos do Miño	28	Miño	
Carballo	ADEGA Carballo	3	Anllóns	60
Carral	Asoc. Brexa	15	Barcés	Sen datos
Catoira	Ecoloxistas de Catoira ANPA As Lombas	18	Catoira	100
Cenlle	Asoc. Veciñal Lentille	7	O Regheiro	40
Coruña, A	Oficina de Medio Ambiente da UDC	Sen datos	Lagar	
Fene	AETNA	24	Baa	150
	Asoc. Betula			
Folgoso do Courel	CPI UxíoNovoneyra	Sen datos		
Gondomar	Voluntarios/as do Proxecto Ríos de Gondomar	28	Zamáns e Miñor	200
	Concello de Gondomar	45	Rasas	1200
Lugo	ADEGA Lugo	4	Rato	150
	UNED Lugo e Coidemos Lugo	14		200
Marín	Grupo Cultural Ronsel	20	Loira	80
Meis	CPI Mosteiro-Meis	Adiada	Armenteira	
	CEIP de Armenteira			
Negreira e A Baña	Asoc. Afonso Eanes e Asoc. Son Terra	11	Albariña	100
Nigrán	Concello de Nigrán / Oficina de Información Cidadá	42	Muiños	150
O Grove	IES As Bizocas	20	Bizocas	50
Ourense	Ecovixiantes de Franciscanas	30	Lonia	227
Padrón	Asociación Naturalista Hispella	7	Ulla	25
	Scouts Galicia	13	Ulla	300
Ponteareas	Plataforma pola Defensa do Tea	23	Tea	700
Pontevedra	Vaipolorío Fundación Juan XXIII	47	Gafos	75
	Asoc. Quilombo	19	Valdecorvos	50
Rianxo	AAVV do Araño	11	Te	95
Ribadumia	Colectivo Ecoloxista do Salnés	15	Umia	100
Salceda de Caselas	Asoc. Trezcatorze	38	Landres	
Santiago de Compostela	ADEGA Compostela Gentalha do Pichel	20	Sarela	50
	AFA Montessori	16	Sar	100



XV Limpeza Simultánea de Ríos

Teo	Concello de Teo	8	Tella	100
Tomiño	Concello de Tomiño. CEP Pedro Caselles. CEIP de Tebra. IES Anton Alonso Rios e Comunidade Terapéutica Alborada	134	Pego, Da Briña, Da Pedra e Cereixo	141
Valga	Muíño Didáctico de Campaña	10	Valga	70
Verín	Asoc. CDR Portas Abertas Concello de Verín	13	Támega e Pequeno	170
Vigo	Asoc. Bidueiro	Sen datos	Lagares	
Vilalba	ANPA CEIP Antonio Bermúdez ANPA CEIP Mato Vizoso ANPA EEI de Vilalba	50	Madalena	350
Xinzo de Limia	Concellaría de Cultura e Mocidade	Sen datos	Limia	100
Xunqueira de Ambía	Iniciativa Xunqueira	13	Arnoia	70
<b>TOTAL- 41</b>	<b>62</b>	<b>955</b>	<b>51</b>	<b>8.151</b>

Pódese consultar os grupos de limpeza, ríos nos que se traballou e concellos na seguinte ligazón: [Mapa Entidades e Ríos](#)





XV Limpeza Simultânea de Ríos

# FOTOS DOS GRUPOS PARTICIPANTES



XV Limpeza Simultánea de Ríos

### A Estrada- Asoc. A Xesteira



### A Estrada- Asoc. Pola Defensa do Val do Liñares





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### A Guarda- Asoc. A Jalleira



### Ames- Aula da Natureza do Concello de Ames





XV Limpeza Simultánea de Ríos

**Ares- Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro e  
Concello de Ares**



**As Pontes- Asoc. EuroEume**





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Cangas-ADEGA-Morrazo + ANPA CEIP A Rúa



### Carballo- ADEGA-Carballo





XV Limpeza Simultânea de Ríos

### Carral-Asoc. Brexa



### Catoira- Ecoloxistas de Catoira e ANPA As Lombas





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Cenlle-Asoc. Veciñal Lentille



### Celanova- A Xoldreira





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Fene- AETNA e Asoc. Bétula



### Gondomar- Voluntariado Proxecto Ríos





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Gondomar- Concello de Gondomar



### Lugo- ADEGA-Lugo



### Lugo- UNED Lugo e Coidemos Lugo





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Marín- Grupo Cultural Ronsel



### Negreira e A Baña- Asoc. Afonso Eanes e Asoc. Son Terra





XV Limpeza Simultánea de Ríos

## Nigrán- Concello de Nigrán



## O Grove- IES As Bizocas





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Ourense- Ecovixiantes Franciscanas



### Padrón- Asoc. Naturalista Hispella





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Padrón- Scouts Galicia



### Ponteareas- Plataforma pola Defensa do Tea





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Pontevedra- Vaipolorío e Fundación Juan XXIII



### Pontevedra- Asoc. Quilombo





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Rianxo- AAVV. do Araño



### Ribadumia- Colectivo Ecoloxista do Salnés





XV Limpeza Simultânea de Ríos

### Santiago de Compostela-ADEGA-Compostela e Gentalha do Pichel



### Santiago de Compostela. AFA Montessori





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Salceda de Caselas- Asoc. Trezecatorce



### Tomiño- Concello de Tomiño





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Valga- Muiño Didáctico de Campaña



### Verín- Asoc. CDR Portas Abertas e Concello de Verín





XV Limpeza Simultánea de Ríos

### Vilalba- ANPA CEIP Antonio Anxo Bermúdez



### Viveiro- Asoc. PraTodo





XV Limpeza Simultânea de Ríos

### Xinzo de Limia- Concellaría de Cultura e Mocidade



### Xunqueira de Ambía- Iniciativa por Xunqueira





XV Limpeza Simultânea de Ríos

# Páxina web da limpeza

<http://www.proxectorios.org/limpeza>

The logo features a large, flowing graphic of a river in shades of green, blue, and grey. Overlaid on the river is a dark silhouette of a person's head and shoulders facing left. To the right of the person, the text 'MÓLLATE POLOS RÍOS' is written in large, bold, white letters. Above this, a smaller box contains the text 'GALICIA 25 SETEMBRO 2013'. Below the main title, it says 'XV LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS'. At the bottom, there is a URL '#PROJECTORIOS.ORG' and several small logos of partner organizations.

# Web de ADEGA e Proxecto Ríos

**ADEGA** Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza

INCIO | ORGANIZACIÓN | NOVAS | AXENIA | ÁREAS TEMÁTICAS | PROXECTOS | CAMPANÍAS | MULTIMÉDIA | PASA A ACCIÓN

Ruta Gorga | ADEGA Cadernos | CensoIV | Revista Gorga | Outras publicacións | #AdegaGorgaConADEGA | Fórum | Contacto | Sobre nos

Início / Novas / Educación ambiental / Un milleiro de persoas participou na XV Limpeza.

29-09-2022

## Un milleiro de persoas participou na XV Limpeza Simultánea de Ríos

Únha vez máis, numerosos voluntarios adicados ao cativado e palexón que nos realizamos polos ríos na XV Limpeza Simultánea do Proxecto Ríos de ADEGA. Hoxe máis de 40 concellos e miles e miles de persoas participaron en grupos de voluntariado, máis e máis numerosos, de nenos a nenas e de maiores. Limpiámos grandes ríos e tamén pequenas regatos, pero todos é todo! Traballamos o mesmo obxectivo: caldar as nosas illas e concientizar á sociedade da necesidade de que estean ben conservadas.

O domingo 25 de setembro de 2022 realizouse a XV Limpeza Simultánea de Ríos en 44 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, desde asociacións ecologistas, culturais, centros de ensino e concellos chegando ós 62 establecementos concellos río que participaron varias asociacións lingüísticas diferentes Ríos como foi o caso de Sondomar, Santiago de Compostela, Tomiño ou Vigo, entre outros. Este ano fixouse a Limpeza en 51 tramos de río e participaron 648 persoas.

Neste ano continuaron a sumarse á iniciativa concellos, asociacións culturais, xunions, ecologistas, centros de atención á diversidade, acoites, os ríos lúxores de Galiza. Outras grazas ás lexis participantes nesta iniciativa dende o norte, e ao longo destes tramos, ás veces podremos observar unha diversidade de illas nos ríos das que aparecerán por estas entidades, alén diso en 2022 volveron a aparecer moitas ríos de automóbil, e outras solaniscas.

  
Podocatia  
INICIO | QUE ES? | ACTIVIDADES | REVISOR | NOVAS | DESCARGAS | REDE IBERICA | CONTACTO



ESTADO DA ACTIVIDADE: Actividade Rematada

DATA DE INICIO: 19/09/2022

DATA DE FINALIZACIÓN: 25/09/2022

ORGANIZADORES: Proxecto Ríos

CATEGORÍA: Limpeza Simultánea De Ríos

Limpieza

XV LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS. MOLLATE POLOS RÍOS!

CONTACTAR



XV Limpeza Simultánea de Ríos

## ADEGA e o Proxecto Ríos agradecen o apoio e financiamento das seguintes entidades e dos 19 concellos que axudaron na XV limpeza simultánea de ríos.

### Colaboradores 2022

Organiza:



Promove:



#### Concellos



Concello de A Estrada



Concello de Allariz



Concello de Ames



Concello de Ares



Concello de Carballo



Concello de Fene



Concello de Gondomar



Concello de Maia



Concello de Nigrán



Concello de Ponteareas



Concello de Pontevedra



Concello de Rianxo



XV Limpeza Simultánea de Ríos



Concello de  
Ribadumia



Concello de  
Salceda de  
Caselas



Concello de  
Santiago



Concello de Teo



Concello de  
Tomiño



Concello de  
Verín



Concello de Xinzo  
de Limia

**Proxecto Ríos**  
**Avda. de Castelao 20, baixo**  
**15704. Santiago de Compostela**  
**981 57 00 99**